

7 OUTUBRO DO 2010 - NÚMERO 839

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS





Versos fatídicos (1994-2010)

Positivas editará cará ó Nadal un libro no que recolle unha escolma de poemas de Alfredo Ferreiro inéditos ou difundidos a través de distintas publicacións non comerciais. *Versos fatídicos* é o título desta obra que condensa a traxectoria do autor do sorprendente *Metal central* (Espiral Maior, 2009). Ferreiro, que escribe “nunha lingua que moitos denominan portugués, algúns galego, outros galegoportugués”, como el mesmo di, e tamén é crítico literario, é un dos poetas galegos que rebolem por internet –o seu blog é *O levantador de minas* e ademais codirixe Blogaliza–, polos recitais de poesía, polas revistas especializadas e colectivos como Amigos de Azertyuiop, que conformou con Tati Mancebo, Dulce Fernández e François Davó. A súa creación é sempre unha descuberta, que Revista das Letras convida a compartir con este adianto de *Versos fatídicos*, ilustrado por Alberto Esperante.

Visión do médium

Escribir un poema debe ser un diluvio que agoniza.
Que aperta con violencia o corazón contra si.
Que sufoca até o límite.
Como a imaxe do mar no horizonte.

Enigma

Cando vexo un médium a miña man cérrase gardando as unllas na carne. Cómpre non semellar agresivo. Aproxímome de vagar, entre a multitude de sombras, por me facer fotografar a carón del. Grande erro: o médium odia a fama como os ácidos o azucre.

Ante unha tentativa errada de perpetuación, comprendo que o asunto ten esquinas, e as esquinas sombras. Levo entón, simplemente, os ollos para as súas mans, respectando a distancia que en verdade nos une. Para o meu asombro, un código de vidro ábrese ante min: «Miña terza man rexe o puñal do tempo».

Encanto sucumbo no osario do espello as miñas mans teñen a idade do universo.



Renovación da vinganza do fósil, para François Davo

I

Unha pedra como un puño
é unha pedra ou é un puño?
Que acontece co seixo,
é apenas a vidreira dos teus soños?
O oráculo?
O marca-pasos?
O espello fiel na auga turba da vida?
Tanta interrogante é apenas a grafía
do fósil da pregunta na pedra fría.

Somos inquiridores da pedra
e a resposta é a idade infinita das nosas mans.

Mañá serei pasto das montañas.

II

Repara en como medra a herba a carón da pedra.
Así o fume do corazón nos conserva:
quentes e escuros.
Unha vía de lápidas nos conduce a nós,
que de nós fuximos.

A un lado unha man. Ao outro unha pedra.
Dúas formas distintas para unha elección
sempre a mesma.


O resto fósil,
o punto da circunferencia,
o movemento circular do escrito a dicilo todo,
a sorpresa a voar,
a nosa estrañeza.

O levantador de minas

Do mesmo modo que a nai
precisa de fillo para ser nai,
o título precisa de poema
para ser título. De aí este poema.

Poema esgotado

en
tres
palabras.



A cidade engrinaldada

II

A cidade adormece as súas unllas de prata. Debaixo das rúas, un río demora un pensamento cativo. Entón os rumores da cidade, no silencio sen luz.

Un insecto saltarica sobre o chan ardente das rúas, as arterias en que un sangue negro se consome. Eses pasadoiros que, pavimentados cada día de novos desexos, apañan os restos de zapatos lentos. Zapatos que viran, dubidan, procuran a rúa afastada e fráxil que conduce ao segredo da cidade, ao cimento húmido do seu corazón.

V

Tanto delirio ao lombo ten esta cidade: cans que corren entre crianzas, vellos que acenan alegres para faceren parte de engurradas fotografías.

Dá a cidade toda para unha praza en que as crianzas se concentran. Cans veñen a correr pola avenida que as crianzas asustan e secan as fontes de rúas nocturnas.

So os farois de vías e estradas corpos pasean entre predios distantes cunha man na cabeza e a outra erguida na névoa portuaria. Son vellos perdidos no medio de xardíns románticos, as cabezas a abalaren como pedras transportadas en carreta. Chega a primavera cun traxe de grinaldas secas.



A lingua do povo

Este rañoso sentimento intelectual prodúcese unha dúbida na nacente mesma da lingua ancestral. É un fantasma na gorxa a materializarse, fiel á física verde dun inefábel país. Medio elástico, medio húmido, esencia concentrada de fondo e áspero manancial. Apenas expectoración e destino. Nos molares florecen palabriñas irrisorias, case pequenos sons, prontas a formaren as súas fraseciñas vexetais, de raíces longas, conservadas na selva silábica da boca. O sangue ten o seu poder! –dicían os vellos caninos perante unha xuventude de feroces mais débiles incisivos– Calade! A lingua ancestral acorda, e despois nos fustiga e mexe ao medio de marés de palabras afogadas, palabras esquecidas en recantos sombríos, palabras desordenadas, palabras deitadas das zonas insomnes do pensamento nos traballos forzosos das caries.

1 de marzo de 2009

Viajou sempre entre nós o riso agudo dos cínicos
Armando Silva Carvalho

Viaxou sempre connosco
aquilo que entumece a alma
e fai saltar o amor
sobre unha prancha de zinc
incontestábel. Son os agoiros
que hai tempo clausuraran
na face do mundo a alegría,
as sombras que apagaran
as flores no xardín da vida.
Hoxe voltan a alumear
o vello pozo do medo
en que medramos por xeracións
como alimarias, privados
de aromas e pensamento.
Voltan os tempos
en que o ar foi un soño azul,
unha dita abstracta,
un espazo prometido para o amor
estourar. Unha ficción necesaria.
Hoxe volta o ar opaco
e castigador do pozo,
o ar consumido, irrequieto, inimigo
dun desexo básico, humano e sacro,
aquel que gustan de apañar
crianzas a danzar entre bolboretas.
Hoxe o viño non fai espuma
nos cálices do amor.

2006

Manuel Salgueiro Castro, o padriño, naceu en 1916. Coñeceu Granada grazas a unha excursión forzosa do exército franquista, visitou Marín algúns veráns, casou nunha parroquia de Trasdeza e viviu toda a vida coas mans introducidas na terra. Na última vendima chegou a súa propia. Como unha vella tinalla entregou do mosto da súa vida a última gota.

No verán o monte Carboeiro era reducido a cinzas. Obdulia Núñez Fidalgo, a madriña, asegurou que o queimaban por terceira vez no ano, e xa non quería saír da casa para ver o fume do seu corazón incendiado.

Eu estaba en Ribeira a ler unha novela sobre libros que eran queimados, mentres as cinzas de Rianxo pousaban nas páxinas que lía. As follas calcinadas manchaban a calcinación das follas relatada. A negra borralla imprimía a realidade sobre a ficción.

Desde este ano comeza a pesar moito o pasado. Penso nos que veñen detrás, e síntome portador dunha vella filosofía. Dun tesouro que nos di o que somos e que debe axudar outros a seren algo novo.

Non me digades

Non me digades que andar
é cociñar os pasos con tempero amargo,
mastigar depresa a brisa dun amor pequeno,
vender a barriga ou por palla trocala.
Se os restos dese amor
non fosen para a nosa alma
outras esmolas nos darán reinados
no corazón certo dun amor máis amplo.
Non castiguedes esa pluma,
símbolo errático, lixeiro corazón
dun diminuto destino a toda a parte aberto.



02 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 835

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Teatro Ensalle

Teatro Ensalle non é só unha das salas alternativas de artes escénicas máis importantes do país –e unha das poucas que quedan, xunto coa Nasa, tras o peche da Galán–, senón que é un dos espazos dos que están a agromar textos dramáticos dos máis interesantes escritos en Galicia nos últimos anos. O director da sala, Pedro Fresneda, é o autor de ‘A Maleza’, unha obra que a compañía do mesmo nome estreou en abril deste ano en Vigo, para despois levala a Arxentina e a México. Concibida como a terceira parte dunha triloxía que comezou con ‘105 pasos ou a mecánica da carne’ e ‘A última fila’, a montaxe reflexiona sobre a conexión entre o comportamento dos nosos representantes políticos e as ‘políticas’ individuais que cada persoa aplica no seu día a día. “Se nós non pensamos máis

“A maleza. O mal paso”

que no inmediato, non nos estrañemos de que os políticos tampouco pensen no longo prazo. A vella Europa está moi vella, cada vez nos volvemos máis conservadores, temos máis medo, pero somos os cidadáns os que somos así. Nós escollemos eses políticos con tan pouco calado e tanta falta de cultura”, explicou Fresneda nunha entrevista con este xornal. A triloxía foi recoñecida na Red de Teatros Alternativos, sendo seleccionadas xa as dúas primeiras pezas para o circuío estatal. Raquel Hernández, Artús Rei, Eva Alonso e Jorge Rúa son os intérpretes e creadores da coreografía de ‘A Maleza’. Antón Ferreiro, Artús Rei e Jorge Rúa pasaron o texto ao galego.

Política global vs. Política individual

Artús

Dicía que sería sensato esquecer as fronteiras tal e como as estudamos, que este asunto de politizar a carne, de preguntarnos a nós mesmos qué animal político somos e qué mecanismos ou leis defendemos na nosa relación cos que nos rodean, é probablemente un principio de verdadeira política.

Dicía que me gustaría que falásemos de política de dentro para afora.

Unha orde lóxica.

Raquel

Defendía que se pode falar de sentimentos e de política nunha mesma frase, que se debe.

E si se trata dun invento humano nunca pode estar á marxe dos sentimentos individuais.

Repetíase que o puto “sentir colectivo” non representa dende hai séculos o sentir individual.

Preguntábase si en realidade a colectividade está composta por individuos.

Jorge

E cando falaba de ser atravesado ou marxinado por liñas referíame a eses tragos que o afastan a un do seu vivir normal, á morte do amigo, ao final do amor, ao deterioro físico, ao cansazo, ao medo á seguinte morte e ao seguinte amor, a cousas das que nunca falamos porque é máis doado criticar o de fora que entenderse a un mesmo.

Raquel

As miñas liñas criminais sucédense e, polo momento, ningunha me ten atravesado ata quebrarme, pero cín-guenme e mínguanme e cada día é máis complicado vivir.

Artús

Dicía que dende cada novo medo facemos política individual, dende cada cansazo, e a suma destas indivi-dualidades cansas remata sendo unha colectividade atroz.

Raquel

Políticos cansos representan a pobos vellos e medorentos

Artús

Á verdade, verdade e para a dor tiritas.

Eva

A túa nauseabunda frialdade.

Artús

“En terra de lobos has de ouvar coma eles”.*

Un solitario

Artús.

E as veces camiño buscando ollos

Enfrontándome á posibilidade de ocultas intelixencias

Buscando asociar a beleza ao interese

Invento o que agochan outros ollos

Encaixo a medida da túa ollada na miña

E por suposto non deixo que te achegues

Así paso o tempo, de mirada en mirada

De cu en cu, de sorriso en sorriso

A miña cabeza cada vez menos clara

O tumulto xa non é tumulto e podo repasar dunha ollada as facianas desencaixadas

Entón volvo á rúa baleira

Agora haberá que volver a casa, cos ollos pechados

Agora non queda gana de mirar.

O síntoma. O exterminio da propia idea

Jorge

Na súa tolemia sentenciaba o dominio do home sobre o home. I eu non son capaz de entender nin sequera o dominio.

Raquel

Dicía que o dominio é a anatomía da inseguridade. Eu lle din despois mil voltas a este asunto. “A anatomía da inseguridade”, o medo ou o principio do medo.

Eva

Resistir, por exemplo, non é unha posibilidade. Non o son tampouco os outros moitos verbos que teñen que ver con aillarse, non sei, con singularizarse. Resistir ailla máis que asediar e ademais é dunha pasividade frustrante.

Jorge

O medo á acción incorrecta converteuse no medo á acción, simplemente.

Raquel

O censor quedou en paro, o censor volta a casa frustrado, coas mans baleiras. O censor mira á súa muller e non pode dicirlle nada, non sabe que dicirlle, cómo explicarlle que non atopou sucias palabras de sexo ardente que levar á boca, que non quedan amantes nas rúas, nin berros incontrolables, nin manifestantes armados de fame. Pobre censor, non sabe dicir nada.

Prefiro mutilar o meu corpo que mutilar o meu ser, o meu interior, non mutilarei aquilo que me conforma. Elixo, e por elixir entendo trabucarme moito máis que acertar.

Sinto que o meu desacerto dispare contra ti. Non son capaz de facerche mal, agás que por incapacidade. Non mutilarei o meu desexo.

Percorro asustada os crimes cometidos polo meu propio medo, calei todo o importante, dixeran todo o banal. Sangro, e do meu sangue nace a escusa de estar viva. Porque sangro o estou, porque sangro vivo.

Non ofenderei ó meu sangue co pretexto de manterme en pé.

Odio, e do meu odio brota a miña razón. Non era para ti o meu odio, a ti teríache reservado algo mellor. Viva de odio, non de sangue, a min tamén teríame reservado algo distinto.

Aínda así non mutilarei o meu pracer, non mutilarei a miña inocencia, non farei anacos a miña necesidade.

Artús

O medo encargarse probablemente de facelo por ti. Se non, en todo caso, o fará o tempo.

Raquel

Lembra as cinturas que atravesaches. Precisa o paso que non distes. Recorda cada intre, así minuciosamente, pregúntate pola luz do momento, pola temperatura e así con todos e cada un dos teus pasos. ¡Faino!

Repásao todo, revisa se deixaches cada cousa no seu sitio, cada persoa no lugar adecuado e no momento necesario. Non pases nada por alto. Ataréfate en traballos inútiles, os traballos inútiles son os máis necesarios neste momento.

Despois atende aos ollos que che cruzas. Atende ao camiño, ás curvas e ás rectas, ás costas. Concreta o sabor da túa boca. Nota o teu cheiro. Porque neste preciso intre é cando podes estar cometendo o teu próximo crime.

Jorge

E o silencio non é unha resposta lexítima, por máis que sexa unha das máis empregadas.

Raquel

O silencio ou a palabrería, a verborrea contiñeira que vomitan certos electrodomésticos. O anti-silencio dos solitarios, así, entre o ruído é doado non pensar, é sinxelo non darse conta de que un está so, ou vello, ou simplemente, darse conta de que un está xordo para con un mesmo.

Artús

Xordo para con un mesmo e do máis imaxinativo para cós demais. Non me importa o que digas nin o que en realidade sexas, non me interesa o medo que te rodea nin a forza que te conforma, ti serás o que eu queira, porti, porque me queres, porque che importo, non me vas decepcionar.

Nostalxia dunha pel

Eva

Teño examinado minuciosamente cada centímetro da miña pel enumerando todas e cada unha das cicatrices

Buscando pequenas manchas, pegadas ínfimas dunha vida.

Revisei pelo a pelo os meus xeonllos

buscando carepas que levar á boca

podo incluso lembrar o seu sabor, o sabor metálico do sangue seco.

Costa crer o pouco que queda debuxado nunha pel

a mina dun lapis cravada na man, algunha cicatriz...

e dende logo esa ollada agocho ou parapeto ou que sei eu.

Estes ollos xa viron bastante e sen embargo non lembran case nada

lembro, iso si, ao meu pai torpemente, cunha idade concreta

nada que ver coa súa idade ao morrer, unha, a que lembro, sempre a mesma.

Penso que sería estupendo poder mirarse así ao espello

coa idade que un queira, có corpo que un elixa

cós ollos cós que un lembra ao pai.

Nada que ver coa tristura

si cecais co medo,

cecais co cansazo.

Anatomía da rendición

Artús

Vai pouco a pouco tomando atallos, transitando camiños exentos de perigo. Enfurécese por todo. Manterá o dominio sempre que non sexa necesaria a confrontación. Busca recunchos nos que descansar. Durme moito, aforra esforzos.

Raquel

Unha das máis estrañas acepcións da palabra dignidade é, “Gravidade e decoro das persoas no xeito de comportarse”, unha vez máis o homocentrismo histriónico do animal humano e unha vez máis a miña enfermidade de tentar entender o mundo a través da linguaxe. Non, dignidade non é un termo que fale de seres humanos. O meu can réndese moito mellor ca min. E isto é só unha das cousas que fai moito mellor ca min.

Artús

Non se trata de renderse ou non, trátase de non arrastrar na miña derrota a túa enerxía, trátase de que non me foda a túa forza. Renderse, ao final, hai que renderse, outra cousa é anticipar.

Raquel

Sería a ostia que a derrota che pillase mirando cara a outro lado. Preferiría que se ocupara a morte de anunciar a miña derrota e non eu. Non recortarei o tempo. Non tomarei medidas contra o futuro. Tentarei non tomarme demasiado en serio.

Artús

Que cona, renderse o acaban a un rendendo. Rematan convencéndolle a un de que non fai falla para nada, de que iso xa o tentamos antes e non serviu para nada. Pretenden que remate un crendo que todo é así e será así para sempre e que pode ir metendo un xa polo cu a súa puta rebeldía, a súa crítica e a agresividade que un se gasta cando fala de parvadas como xustiza, igualdade ou autocrítica.

Raquel

Discurso uniformador, eticamente correcto, xestualmente impoluto e no fondo noxentamente fascista, igualitario. É difícil nacer escoitando “Antes ou despois te vas cansar, antes ou despois vaste render i entón serás dócil”.

Educar é asasinar o NON dos nenos. Educar é asasinar a nenez.

Non soporto o afán por recuperar o que en realidade xa se ten. Non acepto ter que recuperar a nenez, non creo tela deixado marchar. Tampouco desexo rexuvenecer, non me importan as enrugadas das miñas mans, esas estiveron sempre, antes máis pequerrechas.

Decido manter a forza, decido non asasinar a miña inocencia, decido camiñar torpemente cada camiño e ir descubrindo por min mesma o moito que aínda ignoro.

Reclamo os ollos novos da ignorancia. Invoco á verdadeira insatisfacción como aliada, recoñezo non estar aínda satisfeita, non estar aínda chea. Trabo á inquietude coma un can e así, malferida e sangrante a persigo. Desexo estar perdida. Non saber onde se está, é saber suficiente. Non teño présa. Non teño que chegar a ningún sitio. Non atopei nada ao que chamar vulgarmente sitio, si sen embargo descansei en ventres quentes, en mans ásperas e sabias, en grandes costas nas que confiar, en ollos vivos i en silencios que anunciaban mortes esperables. Estou vivindo, xa que estou viva, e iso é tarefa suficiente para min.

Non falo en ningún caso de pechar os ollos, non falo de tirar para adiante e deixar que o mundo me pase inadvertido. Falo de mirar de fronte ao horror, falo de chamar asasino ao asasino, hipócrita ao hipócrita e covarde ao covarde. Falo tamén de chamarme todo isto cada mañá a min mesma, e despois botar a andar, mirar de fronte e tentar afastarme do sono dos xustos. Falo de saberme asasina, hipócrita e covarde e non aceptar o perdón social da multitude. Insulto a Deus porque odio todo canto representa, falo de non conformarme, de non ser dócil e de non deixar para outra vida o que debo facer día tras día. Falo de desobedecer, de tirar pedras, de levantar barreiras de lume contra esta tolerancia que todo o tolera. Falo de manter o NON coma o máis prezado tesouro da miña nenez.

Artús

E cando falaba de esixencia, falaba de estar viva xogándose a vida, non coidándose dela.

Unha declaración as agochadas

Jorge

Unha noite nun bar de mala morte entro ao baño e fronte ao water reparo en que na máquina de condóns alguén escribiu en letras grandes e claras “AMO A EVA”, nada estraño salvo que alguén é capaz de declararse así, namorado e fráxil na máquina de condóns dun bar de mala morte.

Continúo a tarefa de afanarme á lectura de grandes novelas de amor e observo que xusto debaixo da primeira declaración, en letra moito máis pequena e moito menos firme, alguén escribiu sinxelamente, “eu tamén ameí”. Pensei moito no que amou, e non consigo entendelo ben. Quixera preguntarlle se o escribiu dende a nostalgia ou dende a máis profunda tristura ou tal vez dende a paz de ter amado.

Incluso pode que só fose un fillo de puta, un ao que lle fode que outros amen así, a punta de declaración na máquina de condóns.

Dominio

Artús

O dominio do home armado sobre o home. A esgotadora sensación de protección. O noxo e o desprezo polos servidores do poder. Polos impositores da miña seguridade.

Sen min, ceibe e pacífico, non es nada. Sen min, a túa curta e fedorenta vida carece de sentido. A forza que empregas contra min é toda a túa forza, lonxe de min agachas a cabeza e deixas de sentirte poderoso. Fronte a min, tapas a túa faciana por medo, non por vergoña, que vergoña. Estás preso de forza e de razón. Sen min, maldita besta, non sentirías pracer na túa carga asasina.

Non sabes a quen serves, a min dende logo non, pero serves e non te fas preguntas; para facerchas terías que ter un pouco de cerebro, ou polo menos un mínimo de sensibilidade. Non che importa nada máis que o teu mísero salario, ben gañado a golpe de porradas e de roubos, a golpe de uniforme e de chapa agochada. Logo, coa túa paga, satisfeito co deber cumprido, alimentarás o odio nos porcos que amamantas. Soldado do benestar cidadán, sementador de paz a ostias.

Bater unha e outra vez contra o teu absurdo muro, da igual si se chama ditadura ou democracia, DA IGUAL. Golpear ata escachar a cabeza. Tentar non sentir este cansazo, este aparcamento cada vez que lanzas a túa maldita ira contra min. Insultarte ata quedar mudo. Non recoñezo en ti ningunha protección, non che dou o privilexio da miña seguridade. Non che temo porque da miña impotencia nace a miña ira. Ás veces aliméntome dela e saio á rúa coma un ser humano, e paseo; ás veces aínda, vexo aos nenos saír dos seus campos de concentración, ao medio día, e os miro un por un e me pregunto, ¿Cal destes irá a ser un fillo de puta? ¿Cal se fará policía? ¿Cál descubrirá que non vale para o amor, para o pracer, para vivir...?

O sistema, O secuestro.

Artús

Constitúete no corpo do teu propio delito, antes que o fagan por ti. Fortalece o brazo que haberá de estrangularte, alimenta o odio cara a ti mesmo. O odio ao odio non sempre é odio.

Vive, en fin, como humanamente podas. Ama moito, confíate coma se nada fose a pasar, nunca pasa nada.

Déitate e descansa. Nada hai que temer cando un non cometeu o delito de Saturno. Nada hai que temer máis que ao medo polo medo.

Raquel

Sentencia a necesidade, culpable, déixaa a un lado, substitúea sinxelamente pola fame, o sono, o pracer, a dor e unhas cantas miserias básicas máis.

A simbiose do secuestro, o puto bípede raptor. A humana necesidade de humanos. Fillos secuestrados polos seus pais, cans secuestrados polos seus donos, amantes secuestrados polos seus sonhos, homes secuestrados pola súa ambición, artistas secuestrados polo seu ego, autores secuestrados pola súa incapacidade, amigos secuestrados pola súa fidelidade...

Jorge

Homes e mulleres rodeados de liñas invisibles, tremendo, tremelicando... Mascando medo e defecando ataduras.

Artús

Non quero falar có home ceibe, o home ceibe non existe. O home ceibe secuestra e mata e iso mata ao home ceibe. O home ceibe pinta a cara de home ceibe e sae a exhibirse por canellas escuras, entra nun coche e chucha. O home ceibe está morto. Non quero falar co home ceibe.

Eva

Moitas veces me anoxa a necesidade que teño de ti. Outras veces me asusta o lonxe que podó chegar a estar.

Artús

Non me declararei eternamente teu, non por falla de gana, máis ben por non pensarte eternamente miña. Da miña necesidade xurde a túa asfixia, filla bastarda dun sentimento nada nobre.

Jorge

Home só non teñas medo, home só non te alimentes da túa necesidade.

Raquel

Home só fronte á súa propia soidade, home só soñando masas.

Eva

Quero facer desta idea a única idea, non tanto para ter razón como para sentirme acompañada, para formar parte de algo, para impoñe-la miña única idea.

Artús

Home só acendendo ás masas, ese home non quere realmente nada, home só buscando aceptación.

Jorge

A política do home só, gobernando aos homes sos, mandando a morrer a novos homes sos, todos xuntos, cheos da súa propia razón, defendendo o secuestro da súa propia responsabilidade, deixándolle o traballo de pensar ao grande home só.

Raquel

A política da renuncia persoal, o coidado de todo menos dun mesmo, a falla de memoria, a falla de pracer, a dúbida, a xenerosidade.

Jorge

É canso, moi canso cargar con este home só acompañado que fixen de min mesmo. É imposible facer o mesmo tódolos días, pero se ti o fas eu podo facelo.

Artús

E máis ou menos niso consiste madurar, se ti finxes eu finxo, se ti podes eu podo. Da túa aparente forza extraio a miña aparente forma, da miña fe en ti nace a miña forza. Un nunca erra só, simplemente lle erra aos demais.

Eva

Este disimular constante gasta máis da conta

Raquel

¿E como pedirlle contas a ninguén?, ¿e como chamar a alguén responsable?, se un se sabe transeúnte da súa propia responsabilidade ¿Como mirarche aos ollos e dicirche?, “calma, o sei, todo é turbio e confuso” ¿Como facelo sen que cargues en min as túas dúbidas e os teus medos? ¿Como mirarche aos ollos sen querer ser dono da túa visión? ¿Como coñecerte sen roubarche a alma?

Artús

Amar canso, saír canso, sorrir canso, foder canso, escribir canso, falar canso, pasear canso, existir canso, xogar canso, ollar canso, beber canso, ler canso, moverse canso, aceptar canso, decidir canso, bater canso, pelexar canso, discutir canso...

Deitarse sen sono, pasar a noite a desvelo, pensar que a culpa é do outro, saber que un non decidiu nada, querer crer que un é dono da súa vida, e por último, discutir nun bar de política, de liberdade e de parvadas.

Pedir perdón

Raquel

Pídvos desculpas por todo o que non dixen, non é demasiado tarde. Reclamo o perdón polas verbas que non saíron da miña boca, a presión que me arrodea non é suficiente escusa, o agarimo e a educación tampouco o son.

Artús

Avergóñome do tempo que perdín en estudar asuntos obxectivos, estudei as matemáticas indignas da desigualdade, as mazás que ti e mais eu tíñamos nas contas infantís, só nos serviron para saber que ti e mais eu tíñamos mazás de máis, para deixar podres as nosas mazás, nunca necesitei estudar realmente a táboa do cero.

Raquel

Aprendín os idiomas que máis beneficio podían outorgarme, permitín que os meus maiores me lembrasen o útil que podía ser este ou aquel idioma para mellorar na vida, estudei linguas que fabrican mortos e agora é moi difícil tentar esquecelas.

Jorge

Teño tódalas ferramentas necesarias para exercer o dominio do forte, todas menos a forza teimuda do que se empeña en vivir.

Eva

Teño a pel extraordinariamente branca, teño o futuro asegurado.

Raquel

Gocei de tódalas oportunidades, todo me foi concedido, non me faltou nada, só cecais un pouco máis de realidade. Despois tiveron que medrar có noxo cara min mesma, có día a día cheo de cousas imprescindibles para este obxectivo tan innobre, agardar morrer de vella ou dalgunha enfermidade moderna que cause moita dor aos meus seres queridos.

Artús

Pido perdón por non ter feito nada. Chegados a este punto, non facer nada é participar do crime. Podería dicir “paréceme”, ou “ao meu entender”, podería ser máis suave e comezar dicindo “na miña opinión”, pero non, o meu non facer nada de cada día, é unha montaña inmensa de cadáveres secándose ao sol, isto é un feito do que eu son o único responsable, gústeme ou non escoitalo. Este é o pequeno inconveniente do primermundista, esta pequena espiniña, moi pequena, pero incómodo

da e molesta, que é o resto de conciencia que aínda non fomos capaces de nos extirpar.

Eva

Non me declararei inocente de nada, facelo sería estar morta por dentro. Sería estar podre de perdón.

Raquel

Estendo as miñas mans manchadas de sangue cara a túa alma, pretendo, iso si, removercha, pretendo ensinarche o sangue, que coñezas o seu fedor, que a recoñezas cando sopra o vento do sur, que te familiarices cós teus mortos e os mires de fronte. Isto sería cando menos un principio de verdadeira política.

Eva

Teño as mans suaves, o cabelo liso e a distancia suficiente como para ser leda.

Jorge

Teño a forza do asasino innobre, mato como mata o home ceibe.

Artús

Píдовos perdón por todo o superfluo, por todo o accesorio. Non direi que necesito todo o que teño, tampouco, dende logo, me declararei o suficientemente valente como para facer aquilo que necesito.

Eva

Teño a pel tan branca que non son capaz de pedir. Teño o corpo suave e temo expoñelo ao risco de camiñar espida, descalza ou perdida.

Raquel

Non vestirei a miña pel, non temerei ao meu corpo, tentarei que sexa el quen dite as horas. Non ofenderei ao meu corpo con este pudor de muller branca.

Jorge

Vivín nas leis da desconfianza, ditei algunhas delas e sen dúbida aproveiteime de case todas.

Artús

Sinto ter estado morto, pido perdón polo indigno do meu comportamento. Non obedecerei as leis do asasino que sempre me acompaña, non escoitarei esa voz. Non usarei as miñas mans para a dor.

Raquel

Píдовos perdón por agocharme. Pechei tanto os ollos que agora non vexo case nada. Pechar os ollos non é facer desaparecer a fame. ¿Cómo mirar para outro lado cando un cometeu o delito de Saturno? Non pecharei máis estes ollos.

Eva

Teño, na miña moderación, a miña mellor aliada, non necesito enfrontarme ao risco de vivir, teño a vida asegurada. Non teño vida que vivir.

Jorge

Teño as mans ocupadas por mil obxectos inútiles, agora querría agarimarte, agora sinto o desexo de estrear as miñas mans.

Raquel

O guerrilleiro, na súa vella inxenuidade defendía a confianza do home no home, defendía desarmarse e abrazar. Armado cun vaso de viño e con eses ollos novos, defendía alzarse por riba da mediocridade, erguerse en verbas contra a grande política e establecer un estado crítico. O meu guerrilleiro xa non emociona a ninguén, pobre guerrilleiro, non resulta rendible.

Artús

Propoño recomenzar doutro modo. Rebobinar ata atopar a utilidade destas mans. Propoño a desobediencia como sistema de autogoberno. Eu non valido ao interlocutor, non respecto as súas leis nin me sinto protexido polos seus asasinos. O sinto de veras, pero non todo vale, aínda que fora elixido pola maioría.

Raquel

Usarei estas mans coa forza da necesidade, baterei con elas nas portas pechadas da xustiza, estenderei estas mans para recibir aos homes do sur, a miña casa é a súa casa. Quebrarei dun golpe as cancelas protectoras que me afastan de ser unha muller ceibe.

Eva

Teño as mans novas, teño medo.

Jorge

Teño un novo quefacer, teño a posibilidade e quero aproveitala, coas miñas mans baleiras non teño nada que perder.


Raquel

Pediría desculpas por tanta inxenuidade, pero non o farei, disto si que non me arrepinto, quérome inxenua, ante a certeza do xenocida prefiro o vertixe da posibilidade.

REVISTA
**DAS
LETRAS**

21 OUTUBRO DO 2010 - NÚMERO 841

rdl



Salón do Libro Africano

A segunda edición do Salón Internacional do Libro Africano (SILA), celebrado o pasado setembro en Tenerife, reuniu profesionais de trece países do continente: Alxeria, Marrocos, Guinea Ecuatorial, Mauritania, Mozambique, Angola, Camerún, Cabo Verde, Suráfrica, Congo, Benin, Nixeria, Senegal. As súas inquietudes resúltannos familiares aos galegos: identidade, lingua e mercado. E os xeitos de enfrontarse a elas son, como en Galicia, dispares. “As linguas coloniais teñen que deixar de ser linguas oficiais. Teñen que deixar de ser as linguas de uso cultural, relixioso, lingüístico, social, político, docente, mediático, etc. Teñen que deixar de ser as linguas de traballo. Teñen que deixar de ser as únicas linguas empoderadas nestes espazos”, opina Justo Bolekia. Pola contra,

África

O universo na periferia

Sonia Díaz e Braulio Vilariño

Celso Muianga oponse á supresión da oficialidade dos idiomas coloniais, e cre que “a cultura non se impón, ten a súa propia respiración. Ademais, a imposición das linguas locais pode crear problemas étnicos e sociais”. A cuestión é que a continuidade da enorme riqueza cultural e lingüística do continente está ameazada. E o debate sobre as estratexias para evitar a perda é hoxe máis necesario ca nunca. “Os escritores teñen unha obriga, á parte de entreter, e é facer que a xente pense. Que tome as súas propias decisións. O noso futuro, como a nosa lingua, serán as que nós decidamos que sexan”, di Achmat Dangor. As súas palabras poderían aplicarse, se cadra, tamén ao noso país.

a

s illas canarias reivindicán a súa condición periférica. Afastado dos focos culturais e mediáticos do estado español, o sector editorial canario séntese ignorado e témesese disperso. Loita contra as forzas centrípetas e centrífugas que dirixen o seu destino, ora dirixíndolle a mirada cara ó centro, ora afastándoo del. Co comezo do novo século, os editores canarios entenden que o seu futuro está na insularidade combativa. “As Canarias non están illadas”, reivindicán, “nin no cultural, nin no empresarial”. Pola contra, a súa posición é estratéxica e historicamente ten favorecido o encontro entre os continentes, entre as etnias, entre as linguas, entre as forzas en continuo movemento.

No 2008, a editora independente Baile del Sol e a produtora musical Mirmidón dirixen a súa mirada cara ao continente africano. O sector cultural vive un momento convulso. As novas tecnoloxías sacuden o mercado e, por un momento, todo parece posible. Cambia o modelo, esláense os marcos e o centro, desorientado, busca respostas na periferia. É o momento perfecto para saír a escena e as illas Canarias están listas para ofrecerlle ao mundo a súa mensaxe: na literatura, como na vida, o que nos move é a curiosidade. Queremos coñecer e que nos coñezan. Queremos coñecernos. E África é un excelente espello no que comezar a mirarse.

O Salón Internacional do Libro Africano é un encontro de editores, escritores, xornalistas, blogueiros, antropólogos, profesores e lectores de distintos países do continente africano cos representantes da industria editorial canaria e cos seus convidados da península. Na segunda edición do SILA, que se celebrou o pasado mes de setembro en Tenerife, estiveron presentes profesionais de trece países do continente africano: Alxeria, Marrocos, Guinea Ecuatorial, Mauritania, Mozambique, Angola, Camerún, Cabo Verde, Suráfrica, Congo, Benín, Nixeria, Senegal. As súas preocupacións resúltannos familiares: identidade, lingua e mercado. As ferramentas coas que se enfrontan a elas, non tanto: soño e utopía. En palabras de José Rui, creador de Açert Tondela, “para un europeo achegarse a África é como visitar este universo pero no século seguinte. Ves o que fas todos os días dunha maneira totalmente diferente e dáste de conta de que eles teñen un pensamento novo, un discurso novo, unha estética distinta. Viven no mañá.”

A liberdade da periferia

O escritor angolano José Eduardo Agualusa asegurou no SILA 2010 que “unha posición periférica dá máis liberdade para tratar temas globais”. “É racista presupór que o artista europeo ten o mundo á súa disposición e que o africano só pode falar de África”, di o autor de *As mulheres do meu pai*, “cando o único que sucede é que desde a periferia temos máis historias que técnica e no centro hai máis técnica que historias”. “Unha das vantaxes de vivir nunha cidade como Luanda”, engade, “é que cada día, cada persoa, vive unha historia fantástica”. Porén, Agualusa recoñece que leva un ano sen pisar a capital de Angola, polo “clima de endurecemento político” e porque “os meus libros son perigosos, porque crean debate e o debate está prohibido”.

A periferia da liberdade

As complexas relacións entre literatura e compromiso político impregnaron todas as intervencións do SILA 2010 e protagonizaron os debates máis apaixonados. O punto no que concordan todos os autores africanos presentes no SILA é en que “a balcanización de África responde aos intereses das nacións coloniais”. Que facer ou non facer, que historias contar e como abordalas son cuestións máis discutibles, nas que se presentaron posturas dificilmente reconciliables. Para que e de que nos independizamos? pregúntanse os pensadores africanos. Somos hoxe máis libres ou agora somos escravos dunha indixenización que impide que nos relacionemos co resto do mundo, que impide que nos miremos nos espellos do desenvolvemento social dos países dos que tanto nos custou afastarnos?

A resposta, sexa a que sexa, está na literatura.

Memoria histórica, literatura e apartheid

Achmat Dangor, presidente da Fundación Nelson Mandela, viviu a represión do apartheid directa e violentamente. Os seus libros foron censurados e prohibíronlle escribir, aínda que seguiu facéndoo en segredo. A súa vida estivo estreitamente ligada á represión e ao terror, como o estivo sempre a historia da literatura surafricana. Porén, ou precisamente por iso, porque a literatura africana estivo sempre inspirada na loita contra a pobreza, contra a tiranía, contra as prohibicións, Dangor pídelles aos novos autores africanos que falen da celebración da vida. “O que o mundo espera de nós”, asegura Dangor, “é a perpetuación dese modelo, dese desasosego psicolóxico, pero os tempos cambiaron e a Suráfrica de hoxe non é a de hai 20 anos”. O apartheid foi finalmente abolido, Mandela saíu do cárcere e o país vai superando ese enorme trauma. As novas voces da literatura surafricana, os chamados escritores de guerrilla pola intensidade das súas pezas, esporádicas e poderosas, escriben outro tipo de literatura. “Son un desafío porque falan do inmediato”, engade, “do presente e do futuro, unha visión que o país necesita porque a loita agora é pola construción dunha nova Suráfrica”.

Dangor comezou a súa actividade literaria como un dos impulsores do movemento *Black Thoughts*, onde os escritores se reunían para expandir e fomentar a literatura prohibida nos distritos discriminados de poboación negra. El, como moitos coetáneos, usou as súas obras para facer fronte a un goberno que utilizaba as armas e a coacción. “Eses mozos furiosos sentían grandes desexos de vinganza contra a tiranía, a desposesión e a supresión”, explica, “e esa actitude impregnou a literatura do momento”. “Esa necesidade de reverter a situación”, continúa, “levou os escritores surafricanos a mesturar estética e política, dando como resultado unha cultura case escrava dos seus nobres propósitos”.

“A literatura africana”, conclúe, “é en moitos sentidos unha vítima máis do apartheid”. “Debemos negarnos a ser prisioneiros do trauma noso pasado”, reflexiona o presidente da Fundación Nelson Mandela, “non debemos esquecer, pero tampouco debemos deixar que o pasado nos consuma. E aquí a literatura ten un importante papel que xogar”.

Tribos, fronteiras e destinos

O xornalista e escritor mauritano Mbareck Ould Beyruk, membro do colectivo nómade dos Tikna, unha confederación de tribos que se moven entre Sáhara e Tombuctú, explicou no SILA que para as poboacións nómades o concepto de fronteira occidental “é novo e alleo”. “O meu país é onde están os meus, as fronteiras que marcaron os colonizadores non nos pertencen”, afirmou Beyrouk, que explicou que entre os nómades, as fronteiras se establecen entre amigos e inimigos. “En Mauritania, a democracia restoulle a súa esencia á tribo e cultivou o perigo, baseándose na diferenza. Copiamos o modelo occidental de maneira servil, e non nos é útil”, declarou Beyrouk, que lembrou que a constitución do seu país é unha copia exacta da constitución francesa de 1958. Finalmente, o autor mauritano, que mantivo unha moi activa presenza ao longo de todo o SILA, asegurou que a súa vida estará sempre vinculada á tribo, “desde o nacemento á morte, porque a tribo é un destino”.

Literatura, relixión e identidade

O xornalista e escritor alxerino Boualen Samsal defendeu no SILA que a independencia está estreitamente vinculada coa identidade. “A independencia non é ter un estado, unha bandeira, unha moeda”, afirma, “a independencia é moito máis. Un pobo é independente cando atopa a súa lingua, a súa identidade e o seu futuro, un futuro trazado por el mesmo”. A independencia ten que ver co descubrimento dunha diferenza e os países africanos non se atoparon a si mesmos diferentes.

“Dáme igual que España ou Italia ou Alxeria sexan independentes”, insiste, “o que quero é que os españois, os italianos e os alxerinos sexan libres”. Samsal lembrou que Alxeria loitou en nome dos valores do Século das Luces e asegurou que os seus cidadáns agora non disfrutan nin da liberdade, nin da igualdade, nin da fraternidade, nin da nación, nin da identidade... E criticou duramente a influencia que tivo o islam sobre a cultura do seu país, asegurando que os islamitas “aniquilaron todo aquilo que moveu o proceso de independencia de Francia”. “Enterrar o pasado é enterrarse a un mesmo”, conclúe o autor alxerino, “mentres que coñecelo é comprendelo. Dende aí é onde os escritores temos que contribuír á construción da identidade do noso pobo”.

Denuncia, frustración e historia

Tanto Samsal como o escritor e xornalista guineano Donato Ndongo sinalaron a occidente e as súas políticas de axuda como parte do problema do que hoxe sucede en África. Ndongo recordou que o goberno español lle segue dando apoio ao ditador Obiang e preguntouse que pasaría se África rexeitase a axuda ao desenvolvemento. Despois de 50 anos de independencia, os países africanos senten frustración, porque non controlan nin os seus recursos nin a súa política exterior. Ndongo recordou que “o fin último da soberanía é a liberdade e o desenvolvemento económico, social e político” e, neste sentido, “ningún país africano é soberano”. “Por iso”, insistiu, “os escritores africanos non deben abandonar o seu discurso de denuncia, porque en África a xente morre e non hai nada que celebrar”.

África ten máis cantidade e máis calidade de culturas que Europa e, non obstante, as referencias á “desculturación” da poboación africana tras a independencia é continua. “Cambiaron a cultura da colonización pola ignorancia e a nada”, asegura Ndongo, considerado unanimemente o creador da literatura escrita en Guinea Ecuatorial. “A maior parte dos escritores de verdade tiveron que regresar ao exilio despois das supostas independencias polas que tanto loitaron”, recorda, “pero non hai que desesperar, porque a historia vai poñer a cada un no seu sitio”. “Os escritores que fan haxiografías poden ser bos escritores, pero non entrarán nos libros de historia. Os escritores que fan literatura para entreter os ben mantidos consumidores de literatura poden ser bos escritores, pero non entrarán nos libros de historia. Os escritores que están ao servizo do poder non están ao servizo da sociedade, que é onde deberían estar”, conclúe.

Mercado, poder e lingua

O tema máis espiñento de todos os tratados no SILA, o que provocou sen ningunha dúbida os debates máis enconados, foi o da lingua. Prisioneiros de mercados interiores cativos e das elites iletradas que definen os que dirixen, os escritores africanos buscan o seu público fóra dos seus países de orixe, o que os converte ao mesmo tempo en tradutores. Teñen que escribir para xente que non pertence ao seu universo, que non fala o seu idioma, e para facelo, só poden valerse das linguas coloniais.

Inmaculada Jiménez, especializada na tradución de autores africanos que escriben en francés, defende a africanidade das linguas coloniais. “Calquera lingua colonial é reinventada nos países onde se impón”, sostén Jiménez, “converténdose nunha lingua mestiza, mesturada coa cultura local e tamizada por outra visión do mundo”. Tamén o caboverdiano Germano Almeida defende esta postura e, aínda que recoñece que “ao caboverdiano lle cansa falar portugués”, asegura que para eles a lusofonía é “unha porta aberta cara á modernidade”. “Hoxe o 98% da nosa poboación está alfabetizada en portugués”, explica Almeida, “así que non se pode considerar de ningunha maneira o portugués como unha lingua estranxeira”. Justo Bolekia, non obstante, afirma que a aniquilación das linguas maternas africanas é “parte do xogo esquizofrénico que utilizou Occidente para desestabilizar o africano” e apoia as palabras de Wole Soyinka cando pediu “erradicar as linguas estranxeiras de África”. Paga a pena afondar neste debate, aínda que como apunta Romeo Gbaguidi a lingua sexa un elemento de poder e o poder non o teñan os africanos.

Erradicar as linguas estranxeiras para crear un novo paradigma?

Justo Bolekia naceu en Bioko, Guinea Ecuatorial, en 1954 e pertence á etnia bubis. Estudou na Universidade Complutense de Madrid e, desde 2007, é doutor pola Universidade de Salamanca, da que tamén é catedrático. No SILA 2010 Bolekia sostén que existen entre 1.200 e 3.000 linguas autóctonas en África, pero que case ningunha delas é oficial, o que provoca, segundo explica, unha “esquizofrenia cultural, social e lingüística que desestabiliza a poboación”. Explica que estas linguas se enfrontaron á chegada das linguas dos colonizadores, que pasaron de ser linguas necesarias para traballar a ser linguas indispensables, de ser indispensables a ser soberanas e que de ser linguas soberanas pasarán a ser linguas únicas. “E as linguas autóctonas vanse esquecer, van morrer”, afirma tallante, “se non son as oficiais, non temos nada que facer”. Por iso defende a necesidade de “erradicar as linguas estranxeiras dos nosos países”, para crear “unha paradigma lingüístico novo, a partir da realidade africana”.

Din que hai tantas Áfricas como linguas coloniais...
Efectivamente, hai unha África anglófona, unha África francófona, unha África lusófona e unha pequena África que fala español. Pero, á parte da África das linguas estranxeiras oficiais, temos tamén a África das linguas vehiculares. Neste sentido, falaríamos de dúas grandes Áfricas: a África do pidgin-english, no oeste, e a África do leste, que ten o swahili como lingua de comunicación.

E entre os habitantes de esas Áfricas como se entenden?

Cando temos que comunicarnos entre nós, os africanos ou usamos o francés, o inglés, o portugués ou o español, mesmo dentro do mesmo país, ou utilizamos unha das linguas vehiculares, que son as linguas de comunicación común que adoptan os pobos lingüisticamente diferentes. Dificilmente utilizamos a nosa propia lingua, a non ser que esteamos con alguén do noso propio pobo ou de nosa propia etnia.

Este complicado tramado lingüístico non favorece a construción da identidade panafricana.

Hai que insistir en que a identidade panafricana non existe como tal identidade cultural, sociolingüística. Fálase de identidade panafricana a nivel político, porque é unha cousa que trataron de construír os países das independencias africanas, capitaneados por Kwame Nkrumah, o primeiro presidente de Ghana. Hoxe en día, tratamos de construír esta identidade panafricana desde a literatura, desde a política... pero non existe unha identidade cultural panafricana, porque non existen elementos culturais comúns inventariados por institucións africanas. Existen historiadores e filósofos africanos, pero aínda non acordaron eses elementos comúns. E é necesario que o fagan. Sería necesario que sentasen para falar deses elementos identitarios.

E como se resolvería o conflito lingüístico nesa primeira reunión de pensadores?

Teríamos que seguir utilizando as linguas do colonizador: inglés, francés, portugués, español... E con tradutores. Porque, obviamente, non todos entenderíamos todos eses idiomas. Cando un ten a vantaxe de comprender esas catro linguas, pódese comunicar coas elites africanas en todo o continente.

E despois, cal sería o seguinte paso na resolución do conflito lingüístico africano?

Primeiro, as linguas coloniais teñen que deixar de ser linguas oficiais. Teñen que deixar de ser as linguas de uso cultural, relixioso, lingüístico, social, político, docente, mediático, etc. Teñen que deixar de ser as linguas de traballo. Teñen que deixar de ser as únicas linguas empoderadas nestes espazos, nestes contextos. Teñen que ser substituídas por linguas nosas, aínda que sexan (como din os afrófobos) linguas difíciles de utilizar para describir os conceptos filosóficos abstractos.

Como sería o proceso?

Ao converterse en linguas oficiais, as linguas autóctonas converteríanse en linguas empoderadas. E ao converterse en linguas empoderadas empezarían a converterse aos poucos en linguas de traballo, linguas necesarias, linguas indispensables para traballar, para relacionarse entre pobos africanos de distintas etnias e iso axudaría a construír as nosas identidades primeiro pannacionais, daquela panrexionais e finalmente panafricanas.

En que estadio do proceso se atopan as linguas africanas?

Agora mesmo non están en ningunha fase. Non son necesarias, foron expulsadas. Antigamente eran linguas necesarias, indispensables, soberanas, porque eran as únicas que usaban as institucións. Pero despois da colonización xa non son necesarias, porque non fai falta que un africano saiba falar a súa lingua para que teña traballo.

Hai algunhas linguas africanas que son oficiais, como o swahili, o amárico ou o tigríña.

Si, pero non terminan de ser oficiais, porque non son linguas de traballo. Necesitamos que, á parte de seren oficiais, sexan necesarias. Necesitamos que as institucións dos territorios nos que se falan esas linguas teñan poder económico para financiar proxectos educativos e lingüísticos de promoción.

Hai algún modelo no mundo de empoderamento lingüístico que funcionase?

O catalán, por exemplo. A lingua catalá non é oficial só porque así o digan as leis, senón sobre todo porque a Generalitat de Catalunya, ao ser unha institución economicamente potente, promove proxectos de ensino e difusión do catalán tanto en Catalunya como fóra. Tamén o galego e o euskera teñen un aval político e económico que os protexe.

Son as linguas periféricas do estado español un espello no que mirarse?

Claro. Ás veces dise que o problema en África é tan complexo, somos tantas etnias diferentes, que non é abarcable, pero España é moito máis pequena e tamén hai moitas etnias. A diferenza é que estas etnias conseguiron o recoñecemento político e o financiamento necesario para protexer as súas linguas, que é a fin de contas a defensa e protección das súas identidades.

Sabe que en Galicia, como na maioría dos países

africanos de fala portuguesa, se ve na Lusofonía unha ferramenta de desenvolvemento cultural, unha porta aberta ao mundo?

Non sei cal é o caso de Galicia, pero no caso dos países africanos de fala portuguesa hai que entender que sufriron unha colonización mental moi forte. Moitos perderon a súa lingua africana e quedaron co portugués e o crioulo como as dúas únicas linguas que coñecen. Entón, necesariamente deben defender esas dúas únicas linguas. Aqueles que aínda se relacionan coas súas linguas nativas, autóctonas, non poden ser acérrimos defensores nin do portugués nin do crioulo.

Agualusa defendeu o dereito dos angolanos a apropiarse do portugués, a usalo para o seu beneficio.

Tamén dixo que en Angola non hai linguas autóctonas e que o 30% dos angolanos fala portugués como primeira lingua. O primeiro é mentira e o segundo é desorbitado.

Non existen estudos respecto disto?

Hai mostras de barrios das capitais, pero non son extrapolables a todo un país africano.

Que sentido ten facer estudos lingüísticos erróneos?

As elites acapararon esa lingua e son as que deciden que linguas se poden falar. Non só en Angola, en toda África as elites locais económicas, culturais, científicas controlan as linguas coloniais e dificilmente poden admitir que a poboación que non fala esas linguas sexa recoñecida dentro e fóra dos seus países.

Se as elites africanas son alleas ao problema, quen vai capitanear a erradicación das linguas coloniais que vostede predica?

Para enfrontarnos ao problema lingüístico africano, primeiro hai que saber recoñecer as catro Áfricas existentes: a anglófona, a francófona, a lusófona e a de fala hispana. Segundo, hai que preguntarse se o africano que adopta esas linguas ten unha identidade lingüística ou cultural africana. Terceiro, hai que saber se non padece unha forte colonización mental. E, en cuarto lugar, hai que ver se recoñece que é necesario descolonizar o seu imaxinario africano, construído na escola desde referentes non africanos.

E cales son os pasos que cómpre seguir?

Primeiro, esixir o cumprimento da Carta Africana de Cultura, que ratificaron os xefes de estado africanos. Esa carta esixe o ensino e aprendizaxe das linguas africanas nas escolas africana e a execución de proxectos culturais e lingüísticos destinados a promover o uso e a aprendizaxe das linguas africanas nas súas distintas rexións. Pero, claro, iso significa financiamento e ata que moitos dos presidentes africanos deixen de roubarlles diñeiro aos seus países, isto non vai ser posible.

A enculturación esóxena

É o proceso a través do cal as xeracións maiores obrigan as xeracións máis novas a adoptar as pautas de conduta desa sociedade. Hai un nivel 0 de enculturación que é a enculturación que se leva a cabo na lingua autóctona. Chega a colonización e pasamos ao nivel 1, no que os colonizadores enculturan no seu idioma os fillos, de maneira que os fillos ao acabar a súa enculturación xa non poden comunicarse correctamente nin cos seus pais nin cos seus avós. E pasamos ao nivel 2 de enculturación esóxena, no que os pais xa se comunican cos fillos na lingua da escola, na lingua que aprenderon, e eses bisnetos xa non se poderán comunicar de ningunha das maneiras nin cos seus avós nin cos seus bisavós, porque xa desapareceu do seu imaxinario a lingua autóctona. E, claro, iso supón a perda das identidades africanas e o único que queda é a cor, a nos-talxia, a idealización dunha África do pasado que en realidade nunca existiu.

[Lusofonía]

Celso Muianga naceu en Maputo. Estudou e vive na cidade de Matola, a uns 12 km da capital. Traballa como xornalista e estuda Lingüística e Literatura na Universidade Eduardo Mondlane. Creou e coordinou o proxecto para a difusión da cultura e da literatura de Mozambique, *Contar Moçambique na Voz das Palavras*, no que participaron escritores como Mia Couto, Calane da Silva, Aldino Muianga, Ungulani Ba Ka Kho-sa, Juvenal Bucuane e Fernando Pedro.

Cal é a vantaxe de escribir en portugués?

O portugués permíteche ampliar o universo de persoas lectoras. Esa é a nosa obsesión. Tamén ten ese obxectivo a plataforma de divulgación da literatura dos países africanos de lingua portuguesa que defendemos. Co portugués conseguimos mover o noso mundo.

É unha lingua útil.

É a única. Se cada unha das persoas que participamos nos encontros dos países da lusofonía que celebramos en Maputo faláramos o noso idioma, non tería acontecido nunca nada.

E que pasa coas linguas que non son tan útiles?

O portugués é o vehículo trasmisor do que se dá nas linguas locais, pero as linguas vanse manter porque están vivas, porque as falan as persoas. Se cadra, é preciso que os gobernos desenvolvan proxectos de ensino das linguas locais, alén da aprendizaxe coa familia e co pobo. Iso en Mozambique xa o teñen feito, por exemplo, as igrexas protestantes, a través da Biblia e as radios comunitarias que emiten en lingua local.

Que opina dos intelectuais que defenden a expulsión das linguas coloniais de África?

Que só queren chamar a atención.

E dos que defenden a discriminación positiva das linguas africanas?

A cultura non se impón, ten a súa propia respiración. Ademais, a imposición das linguas locais pode crear problemas étnicos e sociais graves.

[Francofonía]

François Nkeme naceu en Alonolinga (Camerún). Estudou na Facultade de Ciencias da Universidade de Yaundé, especializándose na industria da edición. Foi o responsable de difusión da propia Universidade e director da Editorial Preto. Na actualidade, dirixe a Editorial Ifrikiya. O seu paso polo SILA 2010 estivo marcado polo extrañamento das novas tecnoloxías. “A escala local non existe nin público nin posibilidades técnicas para desenvolver ou que se fala nos foros internacionais do e-book e da cultura dixital”, explicou. “Ademais, ao contrario que en Europa, non existe un exceso de libros e queremos ver o libro”.

Existe unha literatura da francofonía africana? Hai nexos de unión entre os autores africanos que escriben en francés?

En África existen infinitas literaturas e infinitas maneiras de entender a literatura e, en xeral, non hai coñecemento entre as literaturas dos diferentes países.

Nin sequera entre os países que teñen a mesma lingua de escritura?

Nin sequera dentro da francofonía. Antes pasa pola metrópole. Non existe circulación en África central, cada país é unha microáfrica que só se comunica co resto das microáfricas a través da metrópole. Todo ten que pasar por París.

Supoño que será unha cuestión de estrutura empresarial.

Efectivamente. O mercado local está dominado polas industrias culturais francesas, que teñen ou 90% do volume total.

Entón de literaturas autóctonas nin falamos.

En Senegal existe literatura en lingua local. En Camerún, non. A preservación das linguas locais é un problema real que os gobernos non están afrontando. Hai escolas piloto que aprenderon a usar as dúas linguas, financiadas por ONG estranxeiras, sobre todo dos Estados Unidos.

Na francofonía a Biblia tamén xoga un papel importante na recuperación das linguas locais?

A Biblia e os misioneiros foron fundamentais para a latinización das linguas locais, si. Pero agora tamén hai un proxecto de produción de literatura infantil e xuvenil en linguas locais.

[Anglofonía]

Achmat Dangor sendo un adolescente asistiu á desaparición do seu pobo baixo a represión do apartheid. Fundador da primeira fundación de prestixio liderada por cidadáns negros, a *Kagiso Trust*, Dangor dirixiu a axencia de apoio na loita contra a sida en Nacións Unidas e actualmente preside a Fundación Nelson Mandela. Foi finalista para o premio Impar Award en 2003 e seleccionado para o 2004 Man Broker Prize.

Cal é o papel das linguas coloniais na literatura africana?

As linguas non son os límites, senón as fronteiras. Os autores francófonos descoñecen a literatura en lingua inglesa e os países de lingua inglesa descoñecen a literatura francófona.

E que papel lles queda exercer ás linguas locais?

As 11 linguas locais son oficiais en Suráfrica, pero a xente das novas xeracións cando teñen que elixir entre calquera delas e o inglés elixen o inglés, porque queren formar parte do mundo e senten que coa súa lingua non poden.

Poden?


Conseguilo é o maior reto ao que se enfronta a nosa sociedade. As palabras morren dolorosamente.

No SILA asegurou que a súa maior preocupación é a etnicidade.

A indixenización impide que nos relacionemos co resto do mundo, que nos miremos nos espellos das democracias, que nos sintamos merecedores do desenvolvemento social que alcanzaron os países dos que tanto nos custou separarnos.

E cal é o papel da lingua e da literatura neste contexto?

Literatura e revolta. Os escritores teñen unha obriga, á parte de entreter, e é facer que a xente pense. Que tome as súas propias decisións. O noso futuro, como a nosa lingua, serán as que nós decidamos que sexan.



28 OUTUBRO DO 2010 - NÚMERO 837

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Raquel Miragaia

A atracción exercida polo mar é o eixe de partida deste relato, 'A mar', de Raquel Miragaia, que publica este número da Revista das Letras. A autora de 'Diário Comboio' e 'Em trânsito' volve neste conto sobre un dos temas que definen a súa narrativa, a soidade. "Este ano viagei a Sardegna em barco, e no porto de Barcelona voltou outra vez todas essas sensações da viagem a Açores. As pessoas fundamentalmente homens, do mar, fascinam-me. Eu sou muito terráquea, e isso de não ter terra debaixo dos pés impressiona. Mas também me parece que o mar é do mais curativo que há. E do mais medonho...", explicou. Mais, como na súa anterior obra, 'O Décimo Terceiro Mês', terceira

A mar

Raquel Miragaia

entrega tabernaria de Edições do Trece e Edizer SCP, a soidade é tratada desde unha óptica se cadra diferente ós seus dous primeiros libros pois, como ela mesma sinala, estar só pode ser ás veces bo, ás veces malo e outras só unha circunstancia. A prosa é neste relato, como nos outros que escribiu, fresca, fluída, atenta aos detalles que normalmente pasan desapercibidos e está alicerzada na psicoloxía, a emoción, os sentimentos dos personaxes. Un vello mariñeiro –inspirado nos estibadores do porto de Barcelona– tenta vivir cos seus medos. E atopa sosego onde ninguén, arredor del, o espera.



(...)
Sou o mar! Sou o mar! Meu corpo informe
sem dimensão e sem razão me leva
para o silêncio onde o Silêncio dorme

enorme. E como o mar dentro da treva
num constante arremeso largo e aflito
eu me espedaço em vão contra o infinito.
Livro de Sonetos, Vinicius de Moraes.

do mar ficaram-lhe o salitre incrustado nas rugas da pele e uma olhada líquida de homem afeito a horizontes oceânicos. E um perpétuo estranhamento polas distâncias curtas.

Desde que voltou à vila, o marinheiro acostuma a ir ao bar de sempre pola mesma rua. Passou muito tempo até que vizinhos e visitantes se afigessem àquele homem de quase dous metros que caminha com um ligeiro bamboleio. Muitos meses até que as pessoas deixassem de olhar fixamente para a cicatriz que lhe afeiava a cara. Uma cicatriz que nom chegava a deformar o rosto mas que lhe dava um certo ár de personagem literária. Ante aquela visom de homem bravo, ninguém pudo suspeitar do seu medo. Um medo antigo e primigénio a afogar. Aquele paradoxo tinha-o desassossegado desde havia mais de cinquenta anos, desde a primeira vez que embarcou e sentiu directo no corpo a imensidom e a incerteza.

Agora, de volta à vila, o pânico fora desaparecendo ante a firmeza da terra. E caminhava todos os dias até o bar à mesma hora, encontrando os mesmos rostos acima dos mesmos corpos. De entre eles, ficava especialmente fascinado pola Florinda, uma mulher de quarenta e tal que levava vinte criando bichos da seda. Ponhia tanta atençom naquela actividade, tanto cuidado, que podia parecer que estava salvando o mundo. Mas apenas criava bichos da seda polo prazer de ver as mudanças, o ciclo vital rotinário daqueles insectos faziam-na acreditar em que algo tinha sentido, em que existia alguma segurança na vida.

Os bichos da seda, pensava o marinheiro todos os dias ao saudar Florinda, som como eu. O seu único objecto na vida é a morte. Mas eles deixam os ovos para outros bichos da seda

nascer e eu, nada, nom deixo nada, nem pasado. E esse pensamento atormentava-o até o segundo copo de vinho. O seu pasado desaparecera quase ao mesmo tempo que entrara por primeira vez num barco. Ao voltar à vila ninguém lembrava que nacera ali. Olharam-no como estrangeiro ou pior, porque o estrangeiro ainda tinha o valor da novidade, do exotismo. Ele nom, ele era muito antigo e ninguém dava por isso. Nom tam antigo como para ser doutro tempo e, portanto, histórico, atractivo. Nom, era apenas velho, vivera num mundo que já nom interessava ninguém e fugira dele antes de ser nele. Por isso, agora a volta já nom era uma volta, nem uma chegada, apenas um deslocamento físico.

Chamavam-lhe o marreiro, sem mais adjectivos nem sobrenomes. Esqueceram-se tanto dele que agora nem queriam aprender algo novo que lembrar.

Mas o marreiro tinha um nome, um sobrenome e mesmo um número de identidade que o colocava no mundo. Um endereço onde morar, uma data de nascimento e uma família remota que incluía uma esposa voluntariamente esquecida.

Se ninguém se interessava, ele tampouco. Voltara à vila para morrer tranquilo, em terra firme. Os companheiros contavam que nom podiam abandonar o mar. Os que o faziam voltavam em pouco tempo mortos de saudades do vaivém e do horizonte móvil que lhes transformava a mirada.

Ele nom sentia aquela falta. Ainda acordava polas noites entre o susto e o alívio, pensando em que já tinham parado os motores e aportado. Demorava uns bons dez minutos em situar-se de novo na casa e agradecer a seca e a firmeza. E agradecia muito mais sentir a falta de medo. A ausência daquele pánico que o perseguira silencioso por mais de cinquenta anos confortava-o. Ainda que aquele terror ancestral de quem sabe que o mar é dono e senhor ficara tatuado na sua pele para sempre.

Nom, nom sentia saudades do abalar nem das longas noites que partilhar com homens cada vez mais novos. Ele permaneceu sempre enquanto os companheiros iam mudando. Os outros sempre mais novos, ele sempre mais velho.

Lembrava com dificuldade uma época em que mantinha longas conversas com os outros. Escutando as histórias de vidas correntes, quotidianas, marcadas nalgum momento por um destino implacável e inamovível. Como todos. Lembrava ter consolado homens bravos que choravam como meninos as saudades da esposa e que depois fugiam dele envergonhados. Lembrava ter-se condoído doutros que ficavam desamparados ante a notícia tardia e a deshora da morte do pai ou da mae. Lembrava ter repetidas por bocas diferentes as mesmas notícias dos primeiros passos dos filhos, ou assomar umas mal dissimuladas lágrimas ante a novidade do filho dizer papai. Mas também lembrava que essas conversas nocturnas se evaporavam polo dia entre os gritos rudes de trabalhadores que sabem que a sua vida depende de cada gesto dos outros. E a vida dos demais dos seus próprios gestos.

Com o tempo aquelas conversas mermaram. Fora acabando-se o entendimento, cada vez mais surdo para escutar as suas vozes entre o barulho dos aparelhos e o mar. Cada vez mais difícil de entender a sua língua contaminada de todos os idiomas com os que conviveu. Polo que os últimos anos deixou de falar e foi criando a sua fama de “marreiro”, sem nome, sem lembranças, sem bilhete de identidade.

Se alguma vez confessara o medo a afogar, se alguma dessas noites entre choros de saudade e palavras de consolo falara com alguém do terror paradójico, as conversas foram esquecidas meticulosa e planificadamente. E o seu medo foi ficando maior e indomável até ocupar cada minuto da sua vida no barco. Era insuportável. Ficava na cuberta olhando fixamente a escuridade das águas, imaginando todo tipo de seres monstruosos esperando pola sua agonia. Chegava a sentir a falta de ár naqueles minutos olhando o mar. Começava a inspirar cada vez com mais dificuldade, asfixiado, sentindo a água encher-lhe os pulmões. Só era capaz de voltar à realidade quando algum companheiro estranhado da sua imobilidade ia ao seu lado e golpeava-o nas costas entre frases de brincadeira. Com o barulho o peso do desaparecia e uma humilhação íntima substituía o medo. Entom decidiu voltar àquela vila em que tivera uma infância embora ninguém soubesse dela.

Na volta, tivera a mesma dificuldade para comunicar-se que nos últimos anos no barco. Tentara conversar com os outros homens no bar de a diário mas ninguém entendia a sua língua indefinível e ninguém tivo vontade de decifrá-la. Ele tampouco apurou o esforço. Nom tinha muito que contar e o que tinha, nunca o contaria.

A falta de conversas engadiu interesse ao mito. A sua fama e o predomínio dum físico desajeitado impediu que alguém reparasse no cuidado com a que acometia qualquer movimento, nem na exagerada delicadeza que ponhia em cada gesto. Traçava o espaço polo que passava com a beleza duma coreografia e aquela arte ficava enterrada ante a olhada dos outros, incapazes de ver nada além da cicatriz no rosto e a altura desmesurada.

Mas sim, os seus dias na vila estavam cheios de paz e silêncio. Com o tempo mesmo a sua presença ficou amortiguada no habitual decorrer dos dias. Esquecido para sempre.

Esquecido se nom for porque a sua morte veu remexer as consciências e provocar uma solidariedade e afecto que nunca provocara em vida. Uma certa aureola de lenda envolveu o seu último dia na terra. Que foi também o seu último dia no mar. A lenda nom começou de manhã, quando se ergueu cedo como todas as manhãs e arejou à porta o seu corpo gastado de velho. Nem quando antes do almoço caminhou cara o bar para tomar o seus vinhos e encontrou Florinda, criadora de bichos da seda. Nem sequer começou a lenda quando saiu do bar e, por primeira vez em muito tempo, mudou o seu habitual caminho para dar um passeio polo porto. Talvez uma chamada daquele mar tam temido e tam temível. Talvez apenas o cansaço dos dias sem fim e sem mudança. Aquele passeio foi longo, se tivesse demorado menos o final do conto seria outro. Porque já disposto a voltar à casa, dando outra olhada no mar, distinguiu a uns escassos cem metros do porto um corpo que lutava feramente. Tentou acreditar que nom havia perigo, que aquele corpo flutuava baixo o controlo do dono. Fixo um esforço por acreditar que nom era necessária a sua ajuda.

Em breves minutos sabia que nom tinha opção. Ou fugir daquele canto e viver os poucos anos que lhe restavam com a morte daquele moço na consciência, ou desafiar o medo. Entrou no mar. Nadou com uma técnica de quase desportista tentando olhar o mínimo possível as profundidades e, quase sem dificuldade chegou, onde o moço começava já a desistir. Foi capaz de agarrá-lo e arrastá-lo à beira. Depositou-no no chão com o mesma suavidade com que se deita uma criança. Confirmou que estava vivo e a salvo, embora sufocado e sem ar.

Entom foi quando o marineiro se colocou de pé enfrente ao mar. Sorriu brevemente, com meio sorriso do lado direito. Começou a caminhar dentro da água, sentindo como o frio lhe gelava as pernas, o estômago, as costas... Caminhou sentindo como a água o ia acariciando até chegar ao pescoço, sentido como o lambia com a sua língua salgada e se sentia segura de está-lo vencendo. Caminhou até que a água estivo ao nível das narinas, nesse momento tivo a certeza de que, de seguir caminhando, a água entraria nos pulmões impedindo-o de respirar, e todo aquilo que o figera tremer ano atrás ano, por fim, aconteceria. E caminhou.

Quando o seu corpo derrotado voltou ao porto já toda a vila o tinha convertido num herói. O marineiro morreu por salvar o moço! É um mártir! É um salvador! Eu já sabia, já vos dizia que esse marineiro era tam boa pessoa... A mim saudava-me sempre sorrindo. E a mim convidou-me várias vezes ao vinho.

Compadeceram-se dele porque perdera a vida salvando outra, figeram todos os rituais para torná-lo o mais querido, amigo de todos. Falaram daquela morte horrível que o levará, ele, que botara tantos anos embarcado, tivera que vir morrer afogado no porto, ao lado da casa, a um paso da seguridade. Vendo o seu rosto inchado e tumescente imaginaram uma agonia dolorosa e lenta.

Ninguém pudo suponer que a sua morte fora aprazível, e que aquele último minuto no mar conseguira confortá-lo.

